



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE A FLORIDA

Rúa Ricardo Santos, 16. 36960 - Sanxenxo

Tel.: 886.151.645 - Fax: 886.151.650

E-mail: ceip.aflorida@edu.xunta.gal

www.edu.xunta.gal/centros/ceipaflorida



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Curso 2025/2026

XEFA DEPARTAMENTO: María de los Ángeles García Castro



0. INTRODUCCIÓN

Este Plan de Acción Titorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación do centro, segundo establece o Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa en Galicia (DOG do 27/04/98). Adáptase á normativa legal enmarcada na LOE e LOMLOE, así como o contemplado no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, título III, capítulo V, artigos 80 e 81.

A acción titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan nun centro educativo para favorecer a aprendizaxe do alumnado, a integración dos coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade. Por esta razón débese considerar que a acción titorial está intimamente relacionado co desenvolvemento da función docente.

A acción titorial é responsabilidade de toda a Comunidade educativa, e polo tanto debe reflectir os obxectivos fixados e priorizados dentro do Proxecto Educativo.

1. FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL

- Desenvolver e potenciar as capacidades básicas do alumnado
- Ofrecerlle ao alumnado orientación co fin de facilitarlle o seu crecemento persoal
- Orientar e asesorar sobre as posibilidades académicas e profesionais
- Promover a dinamización do grupo-clase
- Contribuír á elaboración, posta en práctica e revisión dun Plan de Acción Titorial (PAT) no centro, que promova a coordinación de todos os ámbitos e axentes educativos que incidan nun grupo nun ciclo educativo determinado.

2. AXENTES DA ACCIÓN TITORIAL

2.1.- Titoras/es

A súa principal función e a mediadora, sendo o punto de referencia do alumnado para a súa relación co resto do centro e coas familias.

Responsabilidades:

- Cada alumno ou alumna do centro terá asignado un titor ou unha titora que será o seu vínculo co



centro, tanto a nivel individual como do grupo de titoría ao que pertenza.

- As familias do alumnado ou os seus responsables terán no titor ou na titora do alumno ou alumna o primeiro interlocutor para todo o que faga referencia ao seu fillo ou filla.

Persoalmente, o titor ou titora será responsable de:

- Facilitar a integración do alumnado.
- Xestionar a información dispoñible sobre o alumnado do seu grupo respecto do seu equipo de profesores.
- Seguir o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado
- Presidir as xuntas de avaliación
- Coordinar as Adaptacións Curriculares dos seus titorandos.
- Facilitar a cooperación e a boa relación entre o profesorado e as familias ou responsables do alumnado.
- Informar sobre as actividades docentes e rendemento e académico a familias e alumnos.
- Participar no desenvolvemento do PAT.
- Representar ou facer de voceiro do alumnado dun grupo, expresando diante do equipo de profesores demandas, inquietudes, conflitos xurdidos nas sesións de titoría grupal
- Colaborar co Departamento de Orientación

2.2 O Equipo educativo.

Colectivamente, responsabilizase de:

- Realizar o seguimento, avaliación e orientación do alumnado nos aspectos relacionados cos obxectivos xerais da acción titorial.
- Coordinar os contidos comúns e optativos, as metodoloxías e as estratexias de aula, ea avaliación para o seu grupo de alumnos.
- Realizar unha avaliación inicial a partir da observación en todos os ámbitos do proceso e aprendizaxe, priorizando o dominio dalgunhas capacidades e actitudes básicas: comprensión oral e escrita, razoamento, motivación, estilo de aprendizaxe, participación, etc.
- Organizar de forma coordinada a aprendizaxe de recursos instrumentais para o estudio.



- Desenvolver unha actividade coordinada destinada a dotar ao alumnado de estratexias que permitan o traspaso das aprendizaxes.
- Compartir aspectos relevantes de tipo persoal que non poden observarse na aula, xa que son datos obtidos a través de cuestionarios, entrevistas, etc, realizadas co alumnado, ás súas familias ou servizos sociais.
- Utilizar o seguimento compartido do alumnado para, unha vez diagnosticados os éxitos, erros, déficits, atopar e compartir fórmulas para incidir sobre eles, sexa introducindo cambios na programación de aula, sexa a través de estratexias de compensación.
- Establecer criterios sobre as necesidades educativas que han de ser obxecto dunha atención compensatoria e definir as características que tería que ter esta actividade.
- Decidir o perfil do alumnado do seu grupo que se orienta cara a actividades compensatorias novas ou previstas no centro.
- Realizar o seguimento e a avaliación das actividades compensatorias
- Participar no desenvolvemento do PAT

2.3 Responsabilidades individuais.

Individualmente, cada membro do equipo educativo, terá a responsabilidades de:

- Contribuír á dinamización do grupo-clase dende a práctica docente cotiá
- Incorporar á programación de aula aspectos que contribúan ao autoconecemento e á autoestima do alumnado, a crear expectativas positivas, a exercer a autonomía e a toma de decisións.
- Coordinar os contidos da actividade docente xeral e efectuar as adaptacións que se consideren necesarias na programación de aula.
- Coordinar as metodoloxías usadas por cada profesor na aula, reflexionando sobre as características comúns e buscando e adaptando as que sexan máis favorecedoras para a aprendizaxe por parte dun determinado alumno. Axustar a programación segundo os principios de axuda educativa.
- Dar e solicitar, en equipo educativo, información relevante respecto ao marco e contexto de cada alumno ou alumna, o que deberá contribuír ao coñecemento, seguimento e avaliación do proceso individual do alumnado.
- Participar no desenvolvemento do PAT



3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

- Correspóndelle á Xefa de Estudos coordinar e dirixir a acción dos titores coa colaboración do Departamento de Orientación.
- A Xefatura de Estudos terá as reunións que considere necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.
- Os titores deberán programar, de acordo coas liñas xerais marcadas neste PAT, as actividades específicas tutoriais que desenvolverán ao longo do curso. Poderán solicitar a axuda da Orientadora.
- Os titores poderán convocar as reunións que consideren necesarias cos equipos docentes do seu curso para o bo funcionamento da acción tutorial.
- Departamento de Orientación contribuirá ao desenvolvemento do PAT, baixo a dirección da Xefatura de Estudos, asesorando aos titores nas súas funcións, facilitándolles os recursos necesarios e intervindo na medida das súas posibilidades, cando os titores o soliciten.

4. FUNCIÓNS TUTORIAIS

As funcións que debe desenvolver o mestre/a titor/a, recollidas na lexislación vixente, (*artigo 81 do DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, por el que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria*) están enfocadas cara a diferentes compoñentes da comunidade educativa, de tal modo que se poden dividir como se indica a continuación:

4.1 RELACIONADAS CO ALUMNADO

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos. A principios de curso aproveitaranse as horas de tutoría coas familias para realizar entrevistas, previa convocatoria, co fin de recadar información sobre os/as alumnos/as. Así mesmo, a Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación... garantirán o acceso dos titores/as que o precisen a outra documentación relevante que poda existir no centro (actas parciais de área de cursos anteriores, adaptacións do currículo,...).
- Proporcionarlle no principio de curso ao alumnado información referente ao calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos seguimentos e apoios. O/A titor/a recollerá do profesor/a de cada área os datos da observación sistemática a través de diferentes instrumentos e procedementos, contando en todo caso co apoio do Departamento de



Orientación.

- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro. A integración atenderase detectando os problemas de adaptación e propoñendo actuacións tendentes a reducir ou facer desaparecer os problemas, todo elo en colaboración co Departamento de Orientación. A participación fomentarase proporcionándolles aos alumnos/as información sobre as actividades, e as normas xerais ou particulares que as regulan e, recollendo propostas do grupo para a súa inclusión na programación.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Esta función levarase a cabo proporcionando ao grupo-clase toda aquela información que demande (co asesoramento de quen corresponda) e, achegándolles todo canto poda ser de interese para a boa marcha dos seus estudos.
- Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, ante o resto do profesorado, do alumnado e do equipo directivo nos problemas que se presenten. O papel do titor/a como mediador entre o grupo-clase e o resto da comunidade educativa será máis doado ao potenciar dentro do grupo as actitudes democráticas e responsables.
- Informar ao alumnado do grupo-clase de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Isto farase por norma xeral nas titorías e, en casos particulares, en privado.
- Informarse sobre: modificacións no calendario, resultados das avaliacións, reclamacións ás cualificacións.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo-clase.
- Dado que a maioría dos documentos se cobren na secretaría do centro, ou ben, por medios informáticos, esta función entenderase como a recollida do material relativo ás sesións de avaliación, así coma as comunicacións coas familias.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias e á Xefatura de Estudos. Con tal fin estableceranse as canles de comunicación máis axeitadas para que a información chegue puntualmente a cada un dos implicados/as.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos/as mentres permanecen no centro nos períodos de lecer. Esta atención procurará lograr a integración do alumnado, e os grupos, fomentando a colaboración e sociabilidade entre eles, a través de diferentes tipos de actividades.

4.2 RELACIONADAS CO PROFESORADO

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación. En última instancia son os/as propios/as titores/as os/as que deberán implementar o PAT, feito que lles axudará ademais para coñecer máis polo miúdo as inquiredanzas, problemas, motivacións,... dos seus titorandos.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo-clase. Baixo a supervisión do Departamento de Orientación, o titor/a coordinará o traballo de adaptación que o profesorado leve a cabo



para garantir a súa coherencia e adecuación aos criterios establecidos.

- Informar ao equipo de profesores/as do grupo-clase das características dos alumnos/as, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos. Nos seus contactos co alumnado, coas súas familias e co profesorado o titor/a detectará os problemas que se presenten e manterá informado ao profesorado individualmente ou en reunións conxuntas.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Colaborar co Departamento de Orientación do centro nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.
- Colaborar cos demais titores/as e co Departamento de Orientación no marco dos Proxectos Educativo e Curricular de Centro .A dita colaboración sitúase sobre todo en relación á proposta de modificacións, ao ser os/as titores/as fundamentalmente os/as transmisores/as das inquiredanzas do alumnado do seu grupo clase.
- Exercer, de acordo co Proxecto Curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.

4.3 RELACIONADAS COAS FAMILIAS

- Proporcionarlles ao principio de curso, ás familias, información documental ou, no seu defecto indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades complementarias e extraescolares previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo-clase.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a. Isto farase a través de entrevistas privadas cos alumnos/as e as súas familias. Tamén se poderá aplicar, co asesoramento do Departamento de Orientación, unha enquisa preparada para tal finalidade.
- Informar ás familias de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico: problemas de asistencia ou comportamento, dificultades atopadas e posibles solucións, resultados académicos ((boletíns de notas, actividades de reforzo, consello orientador,...)).
- Facilitar a cooperación entre o profesorado e as familias dos alumnos/as.
- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

5. OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais que se marcan no presente **Plan de Acción Titorial** son os seguintes:

- Levar a cabo unha formación integral e personalizada que responda ás actitudes, aptitudes, coñecementos e intereses do alumnado.
- Traballar coordinadamente profesorado-centro-familia.
- Capacitar ao alumnado tanto para a toma de decisións relativas ás diferentes opcións educativas como para a saída ao mundo laboral.
- Orientar aos pais/nais no seu labor educativo.



Obxectivos en función dos destinatarios:

5.1 Alumnado:

- Coñecer e valorar a persoa do alumno/a e potenciar o seu desenvolvementopsicosocial.
- Favorecer a integración e participación dos alumnos/as na clase e no centro.
- Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe, tratando de detectar posibles dificultades e darlle respostas axeitadas.
- Facilitar a toma de decisións.
- Impulsar a participación do alumnado nas actividades non lectivas e extraescolares que se poda desenvolver no centro ao longo do curso.

5.2 Profesorado:

- Asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións didácticas.
- Coordinar o proceso avaliador, así coma a promoción intercurso e interciclo.
- Axustar a programación ás necesidades do alumnado.
- Colaborar co profesorado de apoio e co Departamento de Orientación.
- Detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Recibir, procesar e transmitir a información relevante sobre o alumnado do seu grupoclase.

5.3 Familias:

- Contribuír a favorecer unhas boas relacións entre os/as pais/nais e mailo centro.
- Implicar aos pais/nais nas actividades de apoio e orientación que se leven a cabo para con os seus fillos/as.
- Informar aos pais/nais de todo o que afecta á educación dos seus fillos/as, epedirilles información relevante para o proceso educativo dos mesmos.
- Solicitar a súa colaboración e participación nas actividades do centro.

6. PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

Os bloques de contido a desenvolver en relación co grupo-clase no ámbito da titoría son:

- Coñecemento e contribución ao desenvolvemento das capacidades de cada alumno/a.
- Desenvolvemento de actitudes que contribúan ao tamén desenvolvemento do alumno/a como persoa.
- Consolidación e desenvolvemento dun programa de técnicas de traballo.
- Mellora da cohesión do grupo-clase e favorecer a integración dos alumnos/as no centro.



- Traballo cos pais/nais, intercambiando información e colaboración para favorecer o desenvolvemento persoal e escolar dos seus fillos/as.

A proposta de programación que se presenta a continuación intenta tratar todos estes contidos (procurando acadar deste xeito os obxectivos), se ben se fai maior fincapé nuns ou noutros dependendo do nivel e do momento do curso.

A programación presentada ten que ser vista necesariamente cun carácter flexible de cara a súa optimización e/ou modificación ao longo do curso dependendo das necesidades que podan ir xurdindo ben sexa nun grupo-clase concreto ou en todo un nivel. En calquera caso, non se pode perder de vista que o que se intenta dende a acción titorial é traballar en catro liñas distintas pero complementarias como son:

Ensinar a pensar.

Ensinar a ser persoa.

Ensinar a convivir

Ensinar a comportarse.

Así mesmo hai que ter en conta certos aspectos relacionados coa titoría:

Non se descarta a inclusión de pequenos cambios que diferencien a intervención nun e noutro curso.

Cabe a posibilidade de realizar algunha actividade específica ao longo do curso, segundo as demandas que se vaian presentando con relación ao alumnado.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía que se empregará nas titorías responderá a diferentes principios e recorrerá a distintas estratexias. Deste xeito, convén sinalar:

7.1 PRINCIPIOS XERAIS

Intervención titorial en dúas dimensións: individual e grupal.

O/A titor/a debe coñecer a contorna familiar, social e escolar do alumno/a e aportar datos significativos na toma de decisións.

Potenciar o traballo cooperativo e buscar a participación e o protagonismo do alumnado.

Buscar actitudes positivas como son a autenticidade, a aceptación, a confianza, a empatía,...

Rexeitar actitudes negativas: autoritarismo, dirixismo, paternalismo

Atender a diversidade e ás necesidades do alumnado.

Buscar a participación das familias.



Empregar unha metodoloxía aberta e revisable, que sexa atractiva e didáctica, adecuada acada contido e momento.

7.2 ESTRATEXIAS E PROPOSTAS METODOLÓXICAS

Técnicas sociométricas, para coñecer a estrutura e dinámica interna do grupo de alumnos/as.

Técnicas de traballo en grupo: remuíño de ideas, debate dirixido, Philips 66, representación de roles,...

Técnicas de grupo con intervención de expertos: simposio, mesa redonda, panel, diálogo ou debate público,...

Reunións informativas cos pais/nais dos alumnos/as.

Seguimento de programas de: HHSS, Técnicas de estudo, Mellora da atención selectiva e sostida...

Entrevista: informativa, de diagnóstico, de orientación.

Observación a través de instrumentos diversos como: listas de control, rexistro anecdótico, escalas de estimación, cuestionarios,...

Elaboración de informes e comunicacións escritas ás familias.

7.3 PROGRAMACIÓN TITORIAL

A programación titorial marco estrutúrase en torno a nove bloques de programación, que responden aos obxectivos xerais da acción titorial. A partir destes bloques, cada titor deberá desenvolver a súa programación de acción titorial particular para o seu grupo aula.

BLOQUE A - BENVIDOS: Actividades de acollida, presentación e integración		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Facilitar a toma de contacto dos alumnos co centro, a aula, as instalacións e recursos, así como co profesorado	-Presentación do titor e Equipo Directivo aos alumnos -Presentación dos alumnos recentemente incorporados ao centro. -Visita das instalacións e dependencias do centro e explicación das súas funcións -Informar sobre o equipo docente, horarios, clases, titorías, recreos, visita de pais, avaliacións, ... -Información sobre a organización e funcionamento do centro.	-Exposición en gran grupo -Técnicas de grupo para mellorar as relacións interpersonais
		-Cuestionarios -Entrevistas iniciais -Sociograma -Técnicas de grupo -Observacións -Informes de titores e profesores do cursoanterior -Expediente académico



BLOQUE B - ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida do centro, elección de representantes, festas e excursións, actividades culturais e extraescolares en colaboración co Equipo de Actividades Extraescolares	Selección de propostas, establecemento de comisións, pactar funcións e responsabilidades e planificar as intervencións de cada comisión (por exemplo: comisión de festas, comisión de actividades culturais, comisión de excursións, ..)	-Técnicas de grupo: chuvia de ideas. -Creación de comisións -Traballo en pequenos grupos

BLOQUE C - NORMAS, OBXECTIVOS E FUNCIONAMENTO DO GRUPO		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Motivar aos alumnos a participar nas actividades do centro e no seu funcionamento	Proporcionar información sobre a estrutura organizativa e os obxectivos do Centro (Órganos de goberno unipersonais e colexiados, PE, CC,...)	-Exposición en gran grupo -Traballo en pequenos grupos
Informar aos alumnos sobre a estrutura, organización, funcionamento de Centro e as posibilidades que ofrece	Estudio, análise e valoración do Dereitos e Deberes dos alumnos e do NOFC	-Traballo en pequenos grupos -Posta en común -Debate
Promover que o grupo adopte normas de conduta exercitando os seus dereitos e responsabilidades para consigo mesmos, cos compañeiros, cos profesores e co Centro.	-Exposición das formas de participación do alumnos da vida do centro e canles para participar os representantes dos alumnos -Actividades previas á elección de delegado (funcións, responsabilidades)	-Cuestionarios -Estudio de casos -Role-play -Campaña electoral -Votación
Concretar -a partir das normas xerais do Centro- as que rexerán para a clase durante o curso.	Elaboración dun mural que recolla as normas de clase	-Traballo en pequenos grupos Posta en común



BLOQUE D - OBXECTIVOS E FUNCIÓNS DA TITORÍA		
OBXECTIVOS	TAREFA E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Identificar os factores condicionantes do estudio e utilizados en beneficio propio	Actividades para sensibilizar sobre a necesidade e o beneficio que supón uso e aplicación estratéxica das técnicas no estudio persoal	-Traballo en pequenos grupos - Cuestionario
Adquirir a capacidade de planificar o estudio	Determinar os hábitos de estudio do alumno	-Cuestionario inicial -2ª aplicación un trimestre despois
Proporcionar e afianzar o uso das técnicas de traballo intelectual e integralas de forma unitaria no seu proceso de aprendizaxe mediante un método persoal de traballo intelectual	-Análise dos factores condicionantes do estudio e formas de utilízalas en beneficio propio -Entrenamento en técnicas de estudio (lectura exploratoria, comprensiva, suliñado, esquema, resume,...)	-Traballo en pequenos grupos -Posta en común -Traballo individuais
Aplicar as técnicas de traballo intelectual nas distintas áreas e materiais	Estratexias para aumentar o rendemento na clase (tomar apuntes, preparación de exames, lectura colectiva,...) Exercitar o uso de técnicas específicas: diagramas, mapas conceptuais, resúmenes, gráficos	Exposición en gran grupo Traballo en pequenos grupos Exemplificacións Traballo persoal Análise de producións Verbalización por parte dos alumnos do proceso persoal seguido no estudio
Avaliar o uso das técnicas por parte dos alumnos e a súa aplicación estratéxica segundo os requirimentos da situación, área ou tarefa.	-Seguimento do uso das técnicas nas diferentes áreas -Actividades para avaliar o uso e aplicación das técnicas	-Análise das producións escolares (cadernos, apuntes, exames,...) -Cuestionarios de autoavaliación -Probas específicas

BLOQUE E - TÉCNICAS DE TRABALLO INTELECTUAL		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Identificar os factores condicionantes do estudio e utilízalos en beneficio propio.	Actividades para sensibilizar sobre a necesidade e o beneficio que supón o uso e aplicación estratéxica das técnicas no estudio persoal.	-Traballo en pequenos grupos -Cuestionarios
Adquirir a capacidade de planificar o estudio	Determinar os hábitos de estudio do alumno	-Cuestionario inicial Segunda aplicación un trimestre despois
Proporcionar e afianzar o uso das técnicas de estudio intelectual	-Análise dos factores condicionantes do estudio e formas de utilízalos en beneficio propio	-Traballo en pequeno grupo - Posta en común - Traballo individuais



e integralas de forma unitaria no seu proceso de aprendizaxe mediante un método persoal de traballo intelectual.	-Exercitación de técnicas de estudio (suliñado, esquema, resumo, ...)	
Aplicar as técnicas de traballo intelectual nas distintas áreas e materias.	-Estratexias para aumentar o rendemento na clase (tomar apuntes, lectura colectiva,..) -Exercitar o uso de técnicas específicas: diagramas, mapas conceptuais, resumos, gráficos,...	-Exposición en gran grupo -Traballo en pequenos grupos -Exemplificacións -Traballo persoal -Análise das producións -Verbalizacións por parte dos alumnos do proceso persoal seguido no estudo
Avaliar o uso das técnicas por parte dos alumnos e a súa aplicación estratéxica segundo os requerimentos da situación, área ou tarefa.	-Seguimento do uso das técnicas nas diferentes áreas --Actividades para avaliar o uso e aplicación das técnicas	-Análise das producións escolares Cuestionarios de autoavaliación Probas específicas

BLOQUE H - AVALIACIÓN DA TITORÍA		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
<p>Avaliar o funcionamento do Plan de Acción Titorial e a Programación Titorial.</p> <p>Analizar o desenvolvemento do PAT e as funcións da orientación asignadas ao titor para corrixir os desaxustes observados e decidir o mantemento ou cambio de obxectivos, a adecuación das actividades, das estratexias de intervención e apoios recibidos, temporalización, recursos.</p> <p>Optimizar a programación de cara o curso próximo</p>	<p>Concretar que aspectos van a ser (funcións asignadas, obxectivos programados, actividades realizadas, temporalización, persoas implicadas, recursos,..) e en que momento se realizará (trimestral, anualmente)</p> <p>Definir e/ou elaborar os instrumentos para a avaliación e auto avaliación</p> <p>Análise e valoración dos resultados</p> <p>Elaboración dun informe que se axuntará á memoria final</p> <p>Planificación para o curso próximo</p>	<p>Reunión semanais de coordinación de titorías</p> <p>Cuestionario dirixidos aos destinatario da intervención (alumnos, profesores, pais,...)</p> <p>Cuestionario de auto avaliación</p> <p>Contraste de experiencias</p> <p>Niveis de participación</p>



BLOQUE I - REUNIÓN COS PAIS		
OBXECTIVOS	TAREFAS E ACTIVIDADES	TÉCNICAS E ESTRATEXIAS
Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas familias	Elaborar a citación ás familias, expoñendo os obxectivos da reunión e incluíndo a orde do día	Reunión de inicio/final de curso Reunións durante o curso previamente convocadas Cartas informativas, informes de avaliación Cuestionarios dirixidos ás familias
Informar aos pais sobre todos aqueles temas relacionados coa educación dos seus fillos e das actividades de Orientación	Reunión colectiva cos pais dos alumnos do grupo coa presenza de titores equipo directivo e profesores interesados para tratar os puntos acordados para a Orde do día.	Exposición e debate
Implicar aos pais en actividades de apoio da aprendizaxe e orientación dos fillos	Reunións para informar e pedir colaboración aos pais en relación a diversos programas (Técnicas de traballo, Orientación Vocacional,...) Colaboración dos pais en visitas, actividades extraescolares, semana cultural, festas,...) Reunións do titor cos pais dun grupo de alumnos que presentan unha problemática particular (mal rendemento, disciplina, NEE)	Contactos e colaboración coa ANPA Reunións cos pais
Intercambiar información sobre o alumno co fin de acadar unha maior comprensión da súa situación. Orientar nalgún tema ou problema específico que incumba ao seu fillo, analízalo conxuntamente e formular un plano de intervención	Entrevista individual previa cita Deseño do plano de intervención Seguimento e avaliación	Entrevista individual en titoría



8. AVALIACIÓN DO PAT

O PAT que se recolle no presente documento é avaliábel, tanto globalmente como en cada unha das súas propostas adaptadas a cada curso.

Deberase valorar o seu grao de adecuación como medida de atención á diversidade de carácter ordinario, ver se a selección de contidos e a súa organización é a máis axeitada ou precisa dalgunha modificación. Esta avaliación do labor tutorial deberá ser levada a cabo pola Xefatura de Estudos coa colaboración dos diferentes titores/as e o apoio técnico do Departamento de Orientación.

Levarase a cabo en dúas formas:

1. Avaliación continua e formativa durante o seu desenvolvemento, que permita ver os progresos e realizar as modificación oportunas. Os instrumentos a utilizar serán a observación e o diálogo nas reunións de nivel, na comisión de Coordinación Pedagóxica e nas propias do departamento de orientación.
2. Avaliación final ao remate do curso onde se analizarán os logros acadados e os aspectos que terán que modificarse no futuro. Os instrumentos a utilizar serán cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes,...

Os criterios de avaliación son:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos para pais, profesores e alumnos.
- Adequación das actividades aos destinatarios
- Adequación da temporalización
- Implicación dos participantes: asistencia, participación, colaboración.
- Grao de satisfacción dos implicados.

A valoración sobre os criterios de avaliación realizarase de xeito cualitativo e recóllese como ANEXO un modelo de folia de rexistro.

Finalmente, cabe sinalar que as modificacións do presente documento que se consideren oportunas realizar, levaranse a cabo, con carácter xeral, ao remate da cada curso académico, incorporando ao mesmo as aclaracións, engadidos ou modificacións que se consideren oportunas de cara a unha mellor optimización da labor tutorial. E tamén se procederá á modificación do PAT no momento en que existan cambios na lexislación que modifiquen substancialmente a normativa referente ás titorías.



Sanxenxo, a 21 de outubro de 2025

Asinado polos membros do Departamento de Orientación:

Asdo: María de los Ángeles García Castro (Xefa DO)	Asdo: María Dolores Agís Otero (Xefa de estudos)	Asdo: María del Carmen Sabarís Rico (Especialista PT)	Asdo: María José Leal Otero (Especialista AL)
Asdo: Ana Alvarellos Rozas (Coordinadora de 2º ciclo E.I.)	Asdo.: Georgina Rodríguez Sánchez (Coord. 1º ciclo EP)	Asdo: Manuela Freijeiro Agís (Coord. 2º ciclo EP)	Asdo: Enrique González Viñas (Coord. 3º ciclo EP)



ANEXO. REXISTRO DE AVALIACIÓN DO PAT

Grao de consecución dos obxectivos:

Pais

Profesores

Alumnos

Adecuación das actividades aos destinatarios. Realizáronse (si/non) Suprimíronse(causas)

Adecuación e suficiencia dos recursos. Utilizáronse todos, faltou algo...

Adecuación da temporalización

Implicación dos participantes: Asistencia. Participación. Colaboración.

Grao de satisfacción dos implicados:

Pais

Profesores

Alumnos